

“ REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIONS DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.

Capítulo I

Creación de honras e distincións.

Artigo 1º.- . Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación das honras e distincións encamiñadas a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados: persoas físicas, xurídicas e colectivos

Establecense as seguintes distincions honoríficas:

Artigo 2º.- Honras e distincions

- Medalla de ouro do Concello de Castrelo do Val
- Titulo de Fillo/a Predilecto/a.
- Titulo de Fillo/a Adoptivo/a
- Designación de vía pública ou instalación municipal.

Capítulo II

As distincións e as súas clases.

Artigo 3º. Medalla de ouro do Concello de Castrelo do Val.

I). A Medalla de ouro do concello de Castrelo do Val é un distintivo que a Corporación Municipal outorga, con carácter individual ou colectivo, a persoas físicas, xurídicas, institucións, entidades e colectivos que se teñen distinguido pola mellora cultural, científica, social ou económica do Concello de Castrelo do Val, sendo a máxima condecoración outorgada polo Concello.

II) A medalla de Ouro ten o seguinte deseño e formato:

“Levará gravado no seu anverso o escudo do Concello, coa inscrición de “Medalla de Ouro do Concello de Castrelo do Val”, e no seu reverso o nome e apelidos do premiado e a data de concesión da distinción.

Artigo 4º Titulo de Fillo/a Predilecto/a

I). Co nomeamento do fillo/a predilecto/a premiarase a aquelas persoas que, sendo naturais do Concello de Castrelo do Val, prestasen servizos extraordinarios relevantes para os intereses xerais do Concello, ou aquelas persoas que polos seus propios méritos acadasen un prestixio social excepcional no eido no que desenvolvan as súas actividades e que, polo especial vencellamento ó Concello de Cástrelo do Val, contribúan a mellora-la sua imaxe e a divulga-lo se coñecemento.

II). O título estenderase nun pergamiño coa seguinte lenda:

“O Concello de Castrelo do Val concede a D./D^a. o merecido e honoroso título de Fillo/a Predilecto/a de Castrelo do Val como Público recoñecemento dos méritos contraídos polo seu labor en prol dos intereses deste Concello”, debendo ir asinado polo Alcalde e o Secretario da Corporación.

Entregaráselle unha medalla coa inscrición de Fillo/a Predilecto/a do Concello de Castrelo do Val que o premiado poderá usar en actos públicos.

Artigo 5º Título de Fillo/a adoptivo/a.

I). Co nomeamento de Fillo/a adoptivo premiarase a aquelas persoas que non sendo naturais do Concello, prestasen servicios extraordinarios relevantes para os intereses xerais do Concello, ou aquelas que por os seus propios méritos acadasen un prestixio social excepcional no eido no que desenvolvan as súas actividades e que, polo especial vencellamento ó Concello de Castrelo do Val, contribúan a mellora-la imaxe e a divulga-lo seu coñecemento.

II). O título estenderase nun pergamiño coa seguinte lenda:

“O Concello de Castrelo do Val concede a D./D^a. ... o merecido e honoroso título de Fillo/a adoptivo/a de Castrelo do Val como público recoñecemnto dos méritos contraídos polo seu labor en prol dos intereses deste Concello” , debendo ir asinado polo Alcalde e o Secretario da Corporación.

Entregaráselle unha medalla coa inscrición de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Castrelo do Val que o premiado podera usar en actos públicos.

Artigo 6º. Designación dunha vía pública ou instalación municipal.

O Pleno do Concello poderá designar unha vía pública, complexo urbano ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó pobo, recoñecendo con iso especies merecementos da persoa de que se trate.

Artigo 7º. Todalas distincións as que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin económico.

As Honras e distincións previstas neste regulamento poderán outorgarse a título póstumo, sempre e cando no finado concorran os correspondentes merecementos. Neste caso a entrega efectuarase ó familiar máis próximo o agasallado.

As honras e distincións previstas neste regulamento serán vitalicios.

Ninguna distinción honorífica nin nomeamento poderá ser outorgada a persoas que desempeñen altos cargos na administración e respecto os cales se atope a Corporación en relación subordinada de Xerarquia, función ou servizo en tanto subsistan estes motivos.

Capítulo III.

Da poposta e concesión de honras e distincións.

Artigo 8º. A Concesión das distintas enumeradas requerira a instrucción do oportuno expediente para a determinación dos meritos ou circunstancias que aconsellen ou xustifiquen o seu outorgamento.

O expediente iniciárase, por decreto da Alcaldía, a proposta dalgún dos grupos políticos que formen a Corporación ou a proposta subscrita por o menos, o 10% da poboación empadroada no Municipio ou a prooposta de, alomenos cinco entidades, institucións, sociedades ou asociacións do municipio.

No decreto da Alcaldía incoarase o expediente a tal fin designarase, de entre os Sres. Concelleiros/as, os que teñen que tramitalo, practicando tódalas informacións, probas ou dilixencias que se estimen convintes, debendo constalos servicios, feitos ou actuacións que motiven a concesión de que se trate.

Ultimado o expediente, que deberá realizarse nun prazo máximo de tres meses, o instructor formulará a súa proposta, que deberá ser aprobada polo Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

As votacións referentes a concesión de Honras e distincións poderán ser secretas.

Capítulo IV

Da imposición e uso das recompensas e dos dereitos e honras que confiren.

Artigo 9º. Os atributos ou documentos representativos das distincions concedidas librraos o Alcalde nun acto público de homenaxe.

Artigo 10º Os posuidores das distincións poderán mostrarlas en calquera acto público e serán invitados a tódolos actos públicos que organice a Corporación.

Artigo 11º. O Concello crea un libro de Honra onde se iran inscribindo as distincións outorgadas.

Capítulo V

Da perda dos dereitos do uso das distincións e honras.

Artigo 12º

Ainda que as concesións que se outorguen teñan carácter irrevogable, se algún dos seus posuidores chega a ser indigno de posuir, por causas que afecten gravemente a Honra, a Corporación Municipal deberá retirarlle. Esta decisión ha de ser adoptada por votación secreta e pola unanimidade dos membros da Corporación, logo de instruí-lo expediente xustificativo dos feitos que ocasionen esta medida.

Disposición final:

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, trascorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o art. 70.2 da mesma Lei.

Castrelo do Val, 4 de abril de 2.005.

O ALCALDE

